


AVALIACIÓN UNIDADES 1-3

Nome: Data: Curso:

1 Cal destes animais é un artrópodo?



- Ningún deles é un artrópodo.
- A xoaniña, porque ten esqueleto externo e patas articuladas.
- A estrela de mar, porque ten moitos brazos e pés.

Valor da resposta correcta 1 PTO. Puntuación obtida:

2 Colorea as características que comparten un tiburón e unha aguia.

Son vertebrados

Respiran con branquias

Teñen escamas

Teñen plumas

Son ovíparos

Son vivíparos

Valor da resposta correcta 1 PTO. Puntuación obtida:

3 En que etapa da vida comezan a diferenciarse os corpos dos rapaces e das rapazas?

- Na infancia
- Na adolescencia
- Na madurez

Valor da resposta correcta 1 PTO. Puntuación obtida:

4 Relaciona con frechas cada alimento co nutriente que contén principalmente.



Proteínas



Hidratos de carbono



Vitaminas e minerais

Valor da resposta correcta 1 PTO. Puntuación obtida:

AVALIACIÓN UNIDADES 1-3

Nome: Data: Curso:

5 Clara pediulle á súa nai que non poña animais con patas articuladas na paella que vai preparar para o xantar.

a) Que poderá comprar a nai de Clara na peixaría?

.....
.....

b) A que grupo pertencen eses animais?

.....

c) A nai de Clara decidiu engadir á paella alimentos dos grupos que hai que tomar habitualmente. Rodea os alimentos que pode incluír.

Polo Arroz Chícharos Feixóns verdes Pescada Pemento

d) Que nutrientes achega cada un dos ingredientes que incluírá na paella?

.....
.....
.....

Valor da resposta correcta 4 PTOS. Puntuación obtida:

6 Nunha vila costeira, unha vertedura contaminou a auga do mar e alterou o funcionamento das branquias dos peixes que alí viven.

a) Que problema pode causar aos peixes unha alteración nas súas branquias?

.....

b) Mentres dure o problema, os habitantes da zona non deberían comer peixe. Que alimentos terán que tomar para recibir o mesmo tipo de nutriente?

.....
.....

Valor da resposta correcta 2 PTOS. Puntuación obtida:

